

PR-G 111 Arteixo - Xalo

Ruta homologada en 2008

Houbo quen dixo unha vez que, para escribir un poema só se precisaba unha fermosa paisaxe e uns ollos que saiban ollala, o resto só depende da capacidade de reproducir imaxes na nosa cabeza a gran velocidade.

Desta maneira comenza a nosa viaxe polos Concellos de Arteixo, Culleredo e Carral, co mellor comezo posible, no paseo Fluvial de Baiuca, a fresca sombra das árbores de ribeira que dirixen os nosos pasos a Loureda, onde poderemos visitar a Igrexa de Santa María antes de continuar o noso percorrido hacia Canzobre.

Os camiños e corredoiras polas que discorre este roteiro permitiranos deixar Canzobre para dirixirnos a Bregua e Boedo lugares idóneos para facer un breve descanso a carón das antigas fontes e lavadoiros.

O noso camiño hacia Cabana discurre entre carballos e castiñeiros que medraron a carón do Río Valiñas antes de comenza-lo ascenso cara o Castelo da Veiga e a cima do Monte Xalo.

Chegados a este punto merece a pena facer unha pausa para deleitarse coas espectaculares vistas panorámicas.

Dende aquí comenza o noso descenso cara Folgueira onde faremos un último descanso na súa área recreativa antes de emprender a recta final da nosa viaxe que discurre por sendeiros tranquilos onde poderemos disfrutar da arquitectura tradicional da zona antes de chegar o punto de remate do roteiro situado a carón da Igrexa de San Estevo de Paleo.

Este roteiro ten unha derivación que nos permitirá ver os numerosos muiños que se atopan o longo do Rego das Xesteiras e a Igrexa de San Silvestre de Veiga.



Ó seu carácter lineal permite que se poida percorrer en ámbolos dous sentidos.

Comenzando dende o Paseo Fluvial de Baiuca no Concello de Arteixo ou dende a Igrexa de San Estevo de Paleo no Concello de Carral.

"Terra das Mariñas"



Como chegar



Marcas e sinais que te guiarán no percorrido da Ruta



Sinal de continuidade, que indica o camiño correcto.



Sinal de camiño errado, que indica o camiño que non se debe coller.



Sinal de cambio de sentido, que indica un xiro á dereita ou á esquerda no sentido da marcha.



Sinal de derivación, que indica un camiño de ida e volta dende a ruta.



Proximidade a localizacións de interese.



Conserva o teu entorno, non botes lixo no roteiro.



www.terradasmariñas.org

www.fgmontanismo.com

www.arteixeiro.org

www.culleredo.org


www.concellocarral.com

PR-G 111 GALICIA

Arteixo- Culleredo- Carral

Arteixo - Xalo


Sendeiros sinalizados



-  Puntos de saída
-  Paneis Informativos
-  Roteiro Río Gobia
-  Estrada
-  Ferrocarril
-  Muíños
-  Fonte
-  Igrexa, capela
-  Área recreativa
-  Vistas panorámicas

Teléfonos de interese:

Terra das Mariñas: 981 669 532
 Oficina de Turismo Arteixo: 981 600 009
 Oficina de Turismo Culleredo: 981 190 016
 Oficina de Turismo Carral: 981 672 580
 Policía Local: 981 600 060
 Protección Civil: 981 641 414
 Urxencias: 112
 Servicio Taxi: 981 600 536



Datos Técnicos:

- Dificultade: Media - Alta
- Duración: 8 horas (só ida)
- Percorrido: 27,2 km (só ida)
- Desnivel: 495 m

